

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 13 DE ABRIL DE 2022.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día trece de abril de 2022, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras:, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Rafael José del Barrio Berbel, por substitución do Vicesecretario accidental e a Interventora Xeral Municipal accidental, dona María Baza Podereux, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas urbanísticas: para a fase I do proxecto de rehabilitación parcial do edificio da rúa do Teatro, 6, consistente en reforzos e reparacións estruturais, recuperación e reparación de muros de mampostería, reposición da galería da fachada traseira executada con madeira de castaño e coa xeometría existente, e reposición e rehabilitación da estrutura de cuberta, co fin de garantir a seguridade estrutural e durabilidade do edificio; para construción de edificio de dúas plantas soto, planta baixa e oito plantas para 46 vivendas passivhaus, na rúa das Artes-Salvador Velayos, Parcela D5, polígono Sur k-Sanfiz; para instalación dun ascensor no edificio de vivendas sito na rúa Baluro, 4-6; para instalación de carpa temporal para exposición e venda de produtos de temporada, na Avda. Infanta Elena, 213, Centro Comercial As Termas, zona de aparcamento; para instalación de ascensor en edificio de vivendas sito na rúa Roi Xordo, número 9; para execución de mellora de accesibilidade e instalación de ascensor en edificio sito na rúa Bon Xesús, número 6; para agregación das B.5.1 e B.6 do Parque Empresarial das Gándaras e para segregación da parcela sita en Nadela-San Xoán de Pena.

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase desistir do procedemento para a contratación dun servizo denominado asistencia técnica para a elaboración, implementación, seguimento e avaliación do plan de acción da axenda urbana "Lugo Cidade Verde" e das súas actuacións asociadas.

3. PERSOAL.- Acórdase desestimar os recursos de reposición interpostos contra o acordo número 16/37, acoptado pola Xunta de Goberno Local, na sesión

ordinaria celebrada o día 15 de xullo de 2020.

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

4. INFORMACIÓN E ATENCIÓN Á CIDADANÍA E PARTICIPACIÓN CIDADÁ.- Aprobouse a autorización para a venda no mercado de antigüidades e coleccionismo 2022.

Tamén se ratificou o Decreto número 3990/2022 relativo ao traslado provisional dos postos de venda do mercado de antigüidades, con motivo dos actos de Semana Santa 2022.

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.